

ANEXO I PROPOSTA DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN STEMbach

Dirección do proxecto	
Nome: M. Gloria Fiestras Janeiro	
Enderezo electrónico: fiestras@uvigo.es	Teléfono: 986 813 496
Co-dirección do proxecto	
Nome:	
Enderezo electrónico:	Teléfono:
Bienio	2021-2023
Número de participantes (máx. 4)	3

Título

Planificando a elaboración dunha curtametraxe

Resumo

A planificación da execución dun proxecto é un elemento básico para a consecución do seu obxectivo final. A modelaxe das relacións entre as diferentes actividades usando redes permite visualizar as relacións de dependencia e o efecto do retraso dunha actividade nas seguintes. Unha vez construída a rede interéanos determinar que actividades son críticas, no sentido de que un retraso na súa execución implica un retraso en todo o proxecto. As técnicas PERT/CPM (Program Evaluation and Review Technique/Critical Path Method) axúdannos a realizar este estudio. Este traballo está dirixido a planificar a elaboración dunha curtametraxe.

Obxectivo

O obxectivo deste traballo é establecer un modelo e analizar mediante unha rede a elaboración dunha curtametraxe. Ademais, o estudantado aprenderá a utilizar software para obter a duración do proxecto e os camiños críticos.

Plan de traballo

- 1.- Determinar as actividades involucradas na elaboración dunha curtametraxe.
- 2.- Determinar e representar as relacións de precedencia entre as diferentes actividades.
- 3.- Construír unha rede.
- 4.- Determinar os tempos optimista, pesimista e medio de cada actividade.
- 5.- Obter a duración PERT do proxecto e os camiños críticos.